

### **1.- Reunión do Consello Executivo**

---

Mañá, xoves 21 de novembro de 2013, terá lugar na Facultade de Matemáticas a reunión de constitución do novo Consello Executivo da SGAPEIO. Informaremos, nas novas da vindeira semana, sobre a elección dos cargos do Consello.

### **2.- Palabrario estatístico de educaBarrié**

---

Cos termos incorporados na primeira semana de novembro rematou a serie de termos estatísticos que se definiron para engadir ao Palabrario, pero dado o interese que nos manifestou educaBarrié de continuar con esta iniciativa, queremos convidar a tódolos socios e socias de SGAPEIO a aportar novas definicións. Se algún de vos está interesado en colaborar, pode escribir a [administrador@sgapeio.es](mailto:administrador@sgapeio.es) para solicitar as fichas de autor e termo que se deben cubrir. Na web da SGAPEIO poden consultarse os termos que xa están definidos.

Palabrario: <http://www.educabarrie.org/gl/palabrario>

### **3.- Número 36 do boletín Informest**

---

Debido a que se realizaron cambios no último número de Informest, está dispoñible na web da SGAPEIO unha nova versión modificada.

Acceso:

[http://www.sgapeio.es/index.php?option=com\\_content&view=article&id=77&Itemid=93](http://www.sgapeio.es/index.php?option=com_content&view=article&id=77&Itemid=93)

### **4.- Petición para mellorar a formación matemática no Bacharelato de Ciencias Sociais**

---

Ante a posibilidade de que as **Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais** deixen de ser obrigatorias para ser materia troncal optativa no novo Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, o Comité Español de Matemáticas (CEMAT) tomou a iniciativa de promover unha campaña de firmas para solicitar ao Senado que modifique a LOMCE a fin de mellorar a formación matemática dos futuros profesionais das Ciencias Sociais.

Podes firmar esta petición en: <http://goo.gl/95VH2F>

### **5.- Seminario na Facultade de Matemáticas**

---

O día 28 de novembro terá lugar un seminario no salón de graos da Facultade de Matemáticas.

#### Programa

16:00 – 16:45: *Circula models for toroidal data.*

Arthur Pewsey (Universidade de Extremadura).

16:45 – 17:30: *Continuous Chain Ladder: reformulating a classical insurance problem.*

María Dolores Martínez Miranda (Cass Business School, City University London e Universidade de Granada).

17:30 – 18:00: *Descanso.*

18:00 – 18:45: *Interacciones Estadística-Industria. Ejemplos de transferencia.*

Salvador Naya Fernández (Universidade da Coruña).

### **6.- V Xornadas de usuarios de R**

---

As **V Xornadas de usuarios de R** terán lugar en Zaragoza os días 12 e 13 de decembro de 2013. Estas xornadas incluírán ponencias e obradoiros cos seguintes obxectivos:

- Promover o coñecemento de R e as súas aplicacións.
- Proporcionar un punto de encontro aos usuarios de R.
- Fomentar a colaboración entre eles nun ambiente multidisciplinar.

Máis información: <http://r-es.org/V+Jornadas>

### **7.- Contrato post-doc en Valencia**

---

O Departamento de Bioinformática e Genómica do Centro de Investigación Príncipe Felipe de Valencia busca un investigador cualificado na área de bioinformática e/ou bioestatística para traballar a tempo completo nun proxecto da Unión Europea.

O candidato debe ter un grao en Ciencias da Computación, Bioestatística ou Bioinformática.

Presentación de candidaturas: ata o 30 de novembro de 2013.

Máis información: <http://eio.usc.es/pub/mte/index.php/es/noticias/508-post-doc-position-2-years-at-the-bioinformatics-and-genomics>

Un saúdo,  
SGAPEIO  
Facultade de Matemáticas  
Campus Vida, s/n

15782 Santiago de Compostela  
A Coruña (ESPAÑA)  
E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)  
Web: <http://www.sgapeio.es>